

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 29 de xuño de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,10 horas do día 9,15 horas de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(740).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(741).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, PARA A ORGANIZACIÓN DO XVIII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL. EXPTE. 4550/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Festas e do xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 31.05.12,

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento prorrogado, na partida 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención por importe de 70.000,00 euros, para o convenio de organización do Festival folclórico internacional. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción do folclore e cultura propios, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XVIII edición do FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, que se desenvolverá entre os días 3 e 8 de agosto, ambos inclusive, por cinco barrios da cidade e un acto central de clausura.

V.- Que INTERFOLC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 4550/335.

VI.- Que o CONCELLO e INTERFOLC veñen asinando dende o ano 1995, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

VII.- Que as Bases de participación e Convocatoria para as actuacións descentralizadas do Festival nos barrios e parroquias da cidade figuran como anexo I ao presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de INTERFOLC, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- INTERFOLC comprométese a colaborar co CONCELLO en canto ao desenvolvemento da programación do XVIII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL e, en particular a:

1. Organizar e xestionar o programa do *XVIII Festival Folclórico Internacional* que se achega ao expediente, previa selección dos grupos folclóricos participantes e aceptación da proposta polo persoal técnico da Concellaría de Festas, e conforme ao seguinte:

- 5 actuacións descentralizadas en barrios e parroquias: coa participación de 2 agrupacións folclóricas internacionais e 1 nacional;
- 6 actuacións de animación nas rúas e prazas da cidade coa participación das 3 agrupacións anteriores;
- 1 actuación central no Auditorio Mar de Vigo, coa participación das 3 agrupacións anteriores, mais 2 agrupacións invitadas (unha nacional e outra internacional) e a participación de 3 agrupacións folclóricas galegas propostas por INTERFOLC.

O custo total do programa ascende a 64.500,00 euros correspondendo 63.000,00 euros a diferentes conceptos a contratar pola Asociación e 1.500,00 euros aos gastos de organización da Asociación.

2. Coordinar a organización xeral dos festivais descentralizados en barrios e parroquias e relación coas entidades beneficiarias.
3. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.
4. Velar para que cada entidade beneficiaria dos festivais desconcentrados en barrios e parroquias cumpran os requisitos recollidos nas bases de participación, que figuran no anexo I deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ó respecto ao persoal técnico da Concellaría de Festas.
5. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes no festival.
6. Contratar os equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento do festival, nos barrios e parroquias participantes.
7. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que se achega ao expediente.
8. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos necesarios, así como realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.
9. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.
10. Presentarlle á Concellaría de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.
11. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.
12. Responsabilizarse fronte a calquera dano real ou presunto que se cause a terceiros con ocasión do festival, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil. Así mesmo comprométese a formalizar un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos que participen no festival; para o cal entregará ao CONCELLO copia das pólizas antes do inicio do festival.
13. Organizar os actos centrais da recepción oficial aos grupos participantes no festival, que terá lugar na data e lugar establecidos na convocatoria.
14. Adquirir e entregar os agasallos aos grupos participantes.
15. Cumprir as bases de participación no Festival.
16. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do festival folclórico.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a:

1. Xestionar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local nos distintos barrios participantes no festival.
2. Editar o material gráfico correspondente ao festival (carteis, programas de man e invitacións para o acto central). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ao orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Festas.

3. Xestionar a reserva das instalacións municipais necesarias para o desenvolvemento do acto central así como colaborar, no seu caso e a instancia de INTERFOLC, na xestión da reserva doutros espazos.

4.- Asumir os custos de produción técnica necesaria para o acto central do Festival, adecuada ás condicións do recinto de celebración.

5.- Conceder directamente a INTERFOLC, unha subvención para a edición 2012 por importe de 63.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do Festival Folclórico Internacional. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

INTERFOLC deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total (31.500,00 euros), en concepto de pago anticipado, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5100.16.3000092046 domiciliada en NovaGalicia Banco, da que é titular INTERFOLC, antes do inicio do festival. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que debe atender de forma previa á realización do festival, relativos á organización do evento (reservas de actuacións das agrupacións participantes, hoteis, desprazamentos das agrupacións, dietas, etc.), sendo necesario facer este pago a través da conta habilitada co fin de axilzalo, toda a vez que estes gastos ou ben non se poden pospoñer ou ben non é posíbel acadar as facturas necesarias ata o día das actuacións.

2. Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% restante, que se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao CONCELLO deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- INTERFOLC non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- INTERFOLC debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do CONCELLO e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- INTERFOLC, no prazo de trinta días a contar desde o remate da actividade subvencionada, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de xestión da actividade**, xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos espectáculos folclóricos celebrados, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do CONCELLO. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Os xustificantes de gastos a chegar serán polo importe da subvención concedida.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 18.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos Servizo de Festas. A tal fin, o persoal técnico deste servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- INTERFOLC deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ó público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e de INTERFOLC, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo noveno.- A concelleira de Cultura e Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- INTERFOLC queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

INTERFOLC poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do CONCELLO.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.

3(742).- PRORROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ENSIANZA DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA, A FAVOR DE WENCESLAO CABEZAS DEL TORO, POLO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1.10.2012 E 30.09.2013. EXPTE. 4577/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Festas, do 15.06.2012, conformado polo xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira de Cultura e Festas, co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización, do 27.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Prorrogar o contrato de servizos de ensinanzas da Escola Municipal de danza a favor de D. Wenceslao Cabezas del Toro (NIF 35.925.740-Q) polo período comprendido entre o 01/10/2012 e 30/09/2013.

2º. Autorizar e comprometer un gasto de 133.432,00 euros (mais as pertinentes revisións de prezos que correspondan segundo a actualización do IPC), dos cales:

- 40.029,60 euros corresponden ao período outubro-decembro 2012, con cargo á aplicación presupostaria 3380.227.9901 (Escola Municipal de Danza) do exercicio económico 2012 – documento RC 201200027393.”
- 93.402,40 euros corresponden ao período xaneiro-setembro 2013, que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen do programa orzamentario para o exercicio económico 2013.”

4(743).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN “VIGO STUDENT AMBASSADOR”. APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4405/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Turismo e Comercio, do 20.06.2012, conformado polo concelleiro da área de Industria, Comercio, Turismo e Pymes e pola concelleira de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 19.06.2012, e co informe da técnica de Fiscalización e Control Financeiro, do 26.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o expediente de contratación N°4405-104 conducente a contratación da actuación “Vigo Student Ambassador”.
2. Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 14 de xuño de 2012 e o prego administrativo de data 19 de xuño de 2012 de condicións que se achegan no expediente para a contratación das accións de promoción de Vigo, como destino turístico, en localidades do Reino Unido e/ou Irlanda, a

través da actuación denominada “Vigo Student Ambassadors” que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 23 de decembro de 2011.

3. Autorizar o gasto, por importe de 118.000 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria, 43202279906 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” para o vixente presuposto.

4. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

5(744).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL PERSOAL CEMITERIOS MAIO 2012. EXPTE. 23165/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.06.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 25.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Maio-2012, e que ascenden a un total de 649’46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

6(745).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE Ó PERSOAL DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2012. EXPTE. 23164/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.06.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 25.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de maio de 2012, e que ascenden a un total de

1.121'12 € (mil cento vinteún euros con doce céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

7(746).- GRATIFICACIÓN POR DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS, CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DE 2012. EXPTE. 23180/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.06.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 25.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOC-TURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Maio	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	134,00	27,00	612,12
Policía Local	Maio	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan Guillermo	11.556,10	10.438,25	74.847,56
Parque Central	Maio	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José A	257,00	270,00	1.767,54
Parque Móbil	Maio	De Alonso González, Ángel a Troncoso Martínez, Avelino	234,00	268,25	1.670,32
Extinción Incendios	Maio	De Cabaleiro Novelle, Daniel a Vila Da Vila, José Carlos	343,00	76,00	1.585,58
Cemiterios	Maio	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	609,00	0,00	2.448,18
Montes, Parques e X	Maio	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	292,00	272,00	1.913,68
Limpeza	Maio	De Hermida Sanmartín, Juan J.	58,00	137,00	605,80
IMD	Marzo Abril	De Iglesias Parente, Sonia a Alves Cerqueira, Antonio	50,75	9,00	228,50
	TOTAIS		13.533,85	11.497,50	85679,28

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 85,679,28 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

8(747).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2012. EXPTE. 23181/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 15.06.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 25.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Maio-2012 e que ascenden a un total 611'00 € (seiscentos once euros), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

9(748).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XANEIRO E MAIO 2012. EXPTE. 23190/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Planificación e Organización de RR.HH., do 22.06.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 25.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Alcaldía (conductores)	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	Maio-2012	130,00
Alcaldía (oficina)	De Abalde Comesaña, Raquel	Xaneiro-2012	34,00
Extinción Incendios	De Cabaleiro Novelle, Daniel a Vila Da Vila, José Carlos	Maio-2012	343,00
Policia Local (Xulgado)	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vidal Macia, Ramón	Maio-2012	1.048,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Villar Da Vila, Emilio José	Maio-2011	538,05
Limpeza	De Arango Fernández, Luciano a Fernández Pérez, Fernando	Outubro e Decembro-2011	34,00
Parque Central	De Froján Villaverde, José a Pérez Fernández, J. Alfonso	Novembro e Decembro-2011	105,00

O montante do presente expediente ascende a un total de **29.450,39 €**”.

10(749).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN CORRESPONDENTES AOS MESES DE MARZO, ABRIL E MAIO DE 2012. EXPTE. 23187/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de xestión de Recursos Humanos, do 18.06.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 25.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o gasto por un importe de 6.631,76 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Agustín Rodríguez Carballo e que remata en D. José Felipe Codesido Rodríguez-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
66711-250	Vías e Obras	Rodríguez Carballo, Agustín	35.981.05 0-B	77170	Maio 2012	120,02 €
66745-250		Cobas Rey, Eugenio	36.017.73 9-S	15467	Maio 2012	300,01 €
66743-250		Villar Estévez, Raimundo	36.012.81 5-J	11682	Maio 2012	288,80 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.34 9-C	10694	Maio 2012	301,53 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.64 0-R	13617	Maio 2012	212,23 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.12 2-W	11819	Maio 2012	281,39 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.53 7-L	17740	Maio 2012	288,99 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.87 4-K	13273	Maio 2012	292,60 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.55 1-P	11831	Maio 2012	299,82 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.73 0-J	79185	Maio 2012	292,60 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.30 7-P	78929	Maio 2012	298,49 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.81 7-X	17489	Maio 2012	298,11 €
5715-320	D.Local e Emprego	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.23 2-R	13920	Maio 2012	92,84 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.16 2-E	13706	Maio 2012	304,00 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.49	17822	Maio 2012	319,39 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Personal	Mes	Importe
			6-H			
82713-210	Mobili.Trans.e Seg	Alonso González, José Ramón	36.026.00 1-C	15208	Maio 2012	104,88 €
82714-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.64 3-B	15303	Maio 2012	157,89 €
82715-210		Rodríguez Caramés, José Manuel	35.547.31 4-D	15355	Maio 2012	167,77 €
82716-210		Bacelos González, José	36.023.37 1-N	15480	Maio 2012	182,78 €
25517 e 25520/25526 -502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.01 8-D	15510	Abril 2012	179,17 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.72 6-R	11529	Abril 2012	129,01 €
		Mosquera Pérez, Gonzalo	35.982.39 4-K	12351	Abril 2012	178,41 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.64 7-F	9550	Abril 2012	167,01 €
		Domínguez Vázquez, José Manuel	36.006.13 1-E	8361	Abril 2012	243,58 €
		González Campelos, Manuel	35.997.31 5-S	23656	Abril 2012	244,91 €
		Román Casas, Juan Carlos	36.011.34 7-V	8349	Abril 2012	102,79 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.28 4-W	76430	Maio 2012	132,24 €
6556/6557- 446	Montes, Parques e Xardíns	Argibay Barciela, Gonzalo	36.035.61 2-V	11765	Marzo e Maio 2012	255,93 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Rodríguez Fernández, Javier	34.967.83 7-V	15071	Maio 2012	14,06 €
		Ogando López, José Manuel	76.669.56 9-C	13913	Maio 2012	18,24 €
		Otero Quesado, Jesús	36.033.42 5-S	13847	Maio 2012	18,24 €
9094-445	Parque Móbil	Alonso Ferragud, Santiago	35.973.97 2-V	16691	Abril 2012	210,46 €
73237-301	Benestar Social	Fajín Torres, Yolanda	33.297.55 4-V	79174	Marzo-Abril 2012	25,65 €
	Educación	Codesido Rodríguez, José Felipe	36.081.82 3-K	19399	Maio 2012	107,92 €
TOTAL						6.631,76 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.274,59 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	92,84 €
9220	Conserxería	623,39 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	613,32 €

9310	Inspección Tributos	1.244,88 €
1640	Cemiterios	132,24 €
1710	Montes, Parques e Xardíns	255,93 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	50,54 €
9222	Parque Móbil	210,46 €
2310	Benestar Social	25,65 €
3210	Educación	107,92 €
	TOTAL	6.631,76 €

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,15 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.